Documento de INSTRUCIÓNS PARA AS ENTIDADES BENEFICIARIAS das axudas para o fomento da contratación de persoal técnico para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (PROGRAMA PRINCIPIA) convocada pola Resolución do 10 de xuño de 2015.

A. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN
B. SOLICITUDE DE PRÓRROGA
C. RENUNCIA Á AXUDA
D. PAGAMENTO
E. PUBLICIDADE

A. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 21 da resolución de convocatoria, se algunha entidade beneficiaria, unha vez recibida a resolución, quere realizar algunha modificación na mesma (perfil do traballador, plan de formación...) ***por causas motivadas*** *é necesario que remita unha solicitude de modificación da resolución* ***con carácter previo*** *á contratación do seguinte xeito:*

a) A través de Sede Electrónica da Xunta, carpeta de cidadán, no trámite común "alegacións".
b) A través de calquera rexistro administrativo mediante o dito modelo ou escrito motivado. Nesta caso, poderá adiantar o documento debidamente asinado a través enderezo electrónico servizos.gain@xunta.gal.

A director da Axencia Galega de Innovación procederá á modificación da resolución comunicando esta de xeito electrónico ou postal, segundo o medio elixido por cada entidade.

B. SOLICITUDE DE PRÓRROGA

Se algunha entidade, igualmente por causa motivadas, non pode realizar algunha das contratacións concedidas no prazo establecido na resolución de concesión (31 de outubro) procederá do mesmo xeito que no punto anterior.

*Compre ter en conta que a data **límite para a contratación será, en todo caso, antes do 1 de decembro de 2016** **(é dicir, o prazo remata o 30 de novembro de 2016)**.*

C. RENUNCIA Á AXUDA

De acordo co previsto no artigo 22 da resolución de convocatoria a entidade beneficiaria poderá renunciar á subvención axustándose ao modelo Anexo IV ou por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A presentación da renuncia poderá facerse:

a) A través de Sede Electrónica da Xunta, carpeta de cidadán, no trámite común "renuncia":
b) A través de calquera rexistro administrativo mediante o dito Anexo IV ou escrito motivado. Nesta caso, poderá adiantar o documento debidamente asinado a través enderezo electrónico servizos.gain@xunta.gal

O director da Axencia Galega de Innovación ditará a correspondente resolución nos termos dos artigos 42.1, 90 e 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

D. PAGAMENTO

*O **aboamento do incentivo** para a contratación do persoal técnico farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedido, que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación dentro dos prazos que se relacionan:*

A) Pagamento 2016 (5.000 euros/traballador):

Prazo: *10 días contados a partir da data* ***do último contrato incentivado*** *subscrito (ou desde a notificación da resolución, de ser este anterior) e, en todo caso,* ***antes do 15 de decembro de 2016*** ***(é dicir, o prazo remata o 14 de decembro de 2016).***

Documentación:

1. *Modelo de solicitude (Anexo V).*

2. *Copias dos contratos do persoal contratado.*

3. *Copia da vida laboral do persoal contratado.*

4. *Resolucións sobre o recoñecemento de alta na Seguridade Social (modelo TA2R) e informes de datos de cotización (modelo IDC) do persoal contratado.*

5. *Documento de información asinado polo representante legal e cada persoa contratada (Anexo VII).*

6. *Só no caso de que non se autorice a consulta no documento anterior:*

   a) *Copia do título universitario das persoas traballadoras contratadas.*
   b) *No seu caso, copia da acreditación da posesión do grao de doutor ou posgrao.*
   c) *No seu caso, certificado acreditativo do grao de discapacidade do persoal contratado*

7. *Declaración responsable (no caso de Universidades, entidades públicas ou sen ánimo de lucro) ou certificación da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.*

Forma de presentación:

a) *A través de Sede Electrónica da Xunta, carpeta de cidadán, no trámite común "achega documentación xustificativa".*
b) *A través de calquera rexistro administrativo.*

Pagamento 2017 (5.000 euros/traballador):

Prazo: *Desde o 1 de febreiro ata o 15 de marzo de 2017 (ambos incluídos).*

Documentación:

1. *Modelo de solicitude (Anexo VI).*
2. *Declaración responsable (no caso de Universidades, entidades públicas ou sen ánimo de lucro) ou certificación da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.*

Forma de presentación:

a) *A través de Sede Electrónica da Xunta, carpeta de cidadán, no trámite común "achega documentación xustificativa".*
b) *A través de calquera rexistro administrativo.*

E. PUBLICIDADE

*O **artigo 25.1.j)** da resolución de convocatoria establece como obriga das entidades beneficiarias: dar publicidade ao carácter público do financiamento do contrato e da actividade obxecto da axuda, facendo referencia expresa nos contratos laborais así como nas publicacións, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada coa actividade de I+D+i na que estea implicado o persoal contratado, mencionando expresamente a súa convocatoria e orixe. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.*

En consecuencia, as obrigas de publicidade para as entidades beneficiarias concretaranse en:

a. *Documento de información ao persoal traballador asinado no momento do contrato do cofinanciamento da súa contratación ao abeiro da **Resolución da Axencia Galega de Innovación do 2 de xuño de 2016 (Programa Principia).***
b. *Nas publicacións, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada coa actividade de I+D+i na que estea implicado o persoal contratado: farase expresa mención: "persoal cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da **Resolución da Axencia Galega de Innovación do 2 de xuño de 2016 (Programa Principia)".***
c. *Na páxina web da entidade farase igualmente mención: "persoal cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da **Resolución da Axencia Galega de Innovación do 2 de xuño de 2016 (Programa Principia)".***
d. *Achéganse logos da Xunta de Galicia e do Programa Principia para complementar a dita publicidade.*
   Con respecto a estes logos, cómpre ter en conta o Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2016
A Axencia Galega de Innovación
servizos.gain@xunta.gal